

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA SUBSTITUCIÓN DAS TRABALLADORAS DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DURANTE AS SÚAS VACACIÓNS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 22-2023, por un importe total de 35.171,00 €, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da substitución das traballadoras das Escolas Infantís Municipais durante as súas vacacións e tendo en conta a inexistencia de crédito adecuado e suficiente en determinadas aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento Xeral 2023 para dar cobertura total do mencionado gasto.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2023/993 de data 21.06.2023, así como RCMOD: 2023/42410 e 2023/42411 de data 21.06.2023, por importe de 35.171,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 35.171,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
32605.12003 32605.12100	27.666,60 € 7.504,40 €	32381.12002 32381.12100 32381.12101 32381.16000 32382.12002 32382.12100 32382.12101 32382.16000	233238101	7.174,00 € 2.953,00 € 4.205,00 € 4.564,00 € 6.065,00 € 2.496,00 € 3.553,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac7936938015938452381.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 22-2023 EIM

				4.161,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	35.171,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		35.171,00 €

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.